

ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN INFORMATIVA DE TRANSPARENCIA, RÉXIME INTERNO E FACENDA DO DÍA 22 DE MAIO DE 2026.

PRESIDENTE:

D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUÍÑA.

VOGAIS:

D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA.
D. ROBERTO JOSÉ ÁLVAREZ CARRERO (*En substitución de DONA LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ*).
D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME.
D. JORGE CUBELA LÓPEZ.
DONA BELÉN CACHAFEIRO ANTA.
DONA MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ.
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO.
D. JUAN PABLO CASTILLO AMIGO.
DONA ANA LAURA IGLESIAS GÓNZÁLEZ.
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ.
DONA DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ.
DONA NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ.
D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ.
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN.
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO.
DONA MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR.

En Pontevedra, na sala de xuntas do Pazo Provincial, sendo as doce horas do día 22 de maio de 2026 asisten, baixo a Presidencia de D. Jesús Vázquez Almuiña Presidente da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, as deputadas e deputados que ó marxe se sinalan, membros de dita Comisión, de acordo coa correspondente Orde do Día.

Non asiste a Deputada, Dona María Luisa Sánchez Méndez, sendo substituída polo Deputado, Don Roberto José Álvarez Carrero.

Asisten a Interventor, Don Antonio Graña Gómez e tamén a Vicesecretaria, María Beatriz del Cerro del Río.

Actúa como Secretario, por delegación efectuada no seu momento polo Sr. Secretario Xeral, Don José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Aberta a sesión, adoptáronse os seguintes acordos:

- 1. *Aprobación, se procede, da acta da reunión ordinaria da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, do día 17 de abril de 2026. (Expte.- 2023057599).***

Sometido a votación o asunto, apróbase por unanimidade a acta da reunión anterior da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, do día 17 de abril de 2026.

- 2. *Aprobación da segunda prórroga do acordo marco que regula a contratación de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación. (Exptes.- 2026040776 - 2023036794).***



O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación da segunda prórroga do acordo marco que regula a contratación de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, asinada con data 5 de maio de 2026 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e polo Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación, cuxo contido é o seguinte:

“Resultando. - Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión celebrada o 31 de maio de 2024 acordou a adxudicación do “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, ás seguintes empresas, de acordo co seguinte detalle:

LOTE	EMPRESAS	PORCENTAJE BAIXA OFERTADO
1	FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL	8,87%
2	MOV. ARIDOS Y CONSTR. AROSA SL	9,50%
3	CONSTRUCCIONES FECHI SLU	13,40%
4	CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA	15,80%
5	CONSTRUCCIONES E C CASAS SL	11,10%
6	NAROM SL	9,49%

Resultando. - Que os contratos dos lotes 2, 3, 4 e 6 formalizáronse entre as partes o día 26 de xuño de 2024, e o do lote 1 e 5 formalizáronse posteriormente os días 4 de xullo e 28 de xuño respectivamente, cun período de vixencia de un (1) ano a contar dende a súa formalización.

Resultando. - Que o Pleno da Deputación de Pontevedra, en sesión celebrada o 30 de maio de 2025 acordou aprobar a primeira prórroga, por período dun ano, do “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: N8Z1DDCSPV89G8SL informe emitido pola xefa dos Servizos Administrativos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais coa conformidade da Deputada Delegada desa área, solicitando que para acometer os traballos da campaña correspondentes á campaña de conservación de firmes, se prorrogue o “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” por un período de un ano.

Resultando.- Que no informe emitido pola xefa dos Servizos Administrativos do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais tamén se recolle o seguinte: “(...) 1. Nivel de prestación satisfactorio, con inexistencia de incumprimentos por parte da contratista que xustifiquen, no seu caso, a improcedencia da prórroga: Os traballos levados a cabo polas empresas adxudicatarias dos diversos lotes resultaron satisfactorios ao longo do período do contrato, realizando todos os traballos recollidos cos respectivos contratos derivados en base ao PPT que rexe o contrato. 2. A prórroga proposta non supón a alteración das características do contrato, especialmente do prezo aprobado: Realizaranse os mesmos traballos e de acordo cos prezos unitarios recollidos no contrato relativos aos servizos de



conservación ordinaria e vialidade nas estradas provinciais, polo que non supón alteración das características do contrato nin do prezo (...)

Resultando.- Que consta no expediente preaviso notificado ás empresas contratistas de cada lote (CSV) ZF0E2J3VGAIOJJSO, realizado coa antelación mínima esixida no artigo 29.2 da LCSP sendo polo tanto dita prórroga obrigatoria para os contratistas.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: ONWLJXJNSQ57OWVI, informe conxunto emitido polo Xefe de Servizo de Contratación, a Secretaría Xeral da Deputación e o Interventor, no que se recolle o seguinte: “...En atención ao exposto e, destacadamente, do informe dos/as responsables do contrato, infórmase favorablemente a proposta de segunda prórroga do “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra” por un ano, con efectos para os lotes 2, 3, 4 e 6 desde o 26 de xuño de 2026, para o lote 5 desde o 28 de xuño de 2026 e para o lote 1 desde o 04 de xullo de 2026. O órgano que ostenta a competencia resolver a presente ampliación de prazo é o Pleno. O acordo ha de tomarse antes da seguinte data: 26/06/2026.

Resultando.- Segundo se recolle no PCAP, o Acordo Marco terá unha duración dun ano, sendo o orzamento máximo estimado anual de 4.443.067,05 € (IVE engadido) distribuídos da seguinte forma:

LOTE 1	LOTE 2	LOTE 3	LOTE 4	LOTE 5	LOTE 6
649.959,09 €	873.283,85 €	636.339,15 €	873.701,92 €	724.767,48 €	685.015,56 €

Resultando.- Que pola Intervención emitíronse os seguintes documentos RC:

LOTE	IMPORTE	APLICACION ORZAMENTARIA	NÚMERO OPERACIÓN
1	649.959,09 €	26/456.4530.612.01	12026000068334
2	873.283,85 €	26/456.4530.612.01	12026000068366
3	636.339,15 €	26/456.4530.612.01	12026000068440
4	873.701,92 €	26/456.4530.612.01	12026000068459
5	724.767,48 €	26/456.4530.612.01	12026000068472
6	685.015,56 €	26/456.4530.612.01	12026000068485

Considerando.- Que o artigo 219.2 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de contratos do sector público establece en relación á duración dos acordos marco, que “A duración dun acordo marco non poderá exceder de catro anos, salvo en casos excepcionais, debidamente xustificadas...”

Considerando.- Que o apartado 6 do PCAP recolle que o acordo marco poderá ser prorrogado ata tres veces, por un prazo máximo dun ano cada prórroga.



Considerando.- Que o contrato tramitouse e adxudicouse baixo a vixencia da LCSP.

Considerando.- Que o réxime xurídico establecido para a prórroga dos contratos na LCSP recóllese no seu artigo 29.2. Da documentación aportada ao expediente dedúcese:

- *O contrato encóntrase en vigor.*
- *O prazo de duración inicial máis a prórroga non supera o máximo previsto polo art. 29.4 da LCSP.*
- *A prórroga prevese expresamente nos pregos, nas condicións propostas.*
- *No informe do/a responsable do contrato déixase claro que a prórroga procederá nos mesmos termos que o contrato concertado, sen alteración dos seus termos, e o desenvolvemento conforme da prestación pola contratista.*
- *Consta o prazo de preaviso precisado polo art. 29.2, ou a conformidade expresa da contratista.*
- *Incorporouse ao expediente certificado de existencia de crédito ou documento de retención de crédito (RC).*

Á vista do exposto, o Pleno da Corporación Provincial, de conformidade co ditame da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ACORDA:

- *Aprobar a segunda prórroga, por período dun ano, do “Acordo marco de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra”, de acordo co seguinte detalle:*

LOTE 1	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
FRANCISCO GOMEZ Y CIA SL	649.959,09 €
<i>Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 8,87 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM</i>	
<i>Prazo de duración da prorroga: dende o 04/07/2026 ata o 03/07/2027</i>	

LOTE 2	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
MOVIMIENTOS DE ARIDOS Y CONSTRUCCIONES DE. AROSA SL	873.283,85 €
<i>Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 9,50 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.</i>	
<i>Prazo de duración da prorroga: dende o 26/06/2026 ata o 25/06/2027</i>	



LOTE 3	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLÚIDO)
CONSTRUCCIONES FECHI SLU	636.339,15 €
Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 13,40 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	
Prazo de duración da prorroga: dende o 26/06/2026 ata o 25/06/2027	

LOTE 4	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, SA	873.701,92 €
Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 15,80 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	
Prazo de duración da prorroga: dende o 26/06/2026 ata o 25/06/2027	

LOTE 5	
EMPRESA	IMPORTE ETIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
CONSTRUCCIONES E C CASAS SL	724.767,48 €
Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 11,10 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	
Prazo de duración da prorroga: dende o 28/06/2026 ata o 27/06/2027	

LOTE 6	
EMPRESA	IMPORTE ESTIMADO ANUAL (IVE INCLUIDO)
NAROM SL	685.015,56 €
Os prezos unitarios aplicaráselle a porcentaxe de baixa ofertada do 9,49 %. O prazo de garantía ofertado é de 36 meses e a porcentaxe do plan de ensaios de control de calidade o 3% do PEM.	
Prazo de duración da prorroga: dende o 26/06/2026 ata o 25/06/2027	

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo sobre a aprobación da segunda prorroga do acordo marco que regula a contratación de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, asinada con data 5 de maio de 2026 polo Xefe do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio e polo Deputado Delegado da área de Novas Tecnoloxías e Contratación.



O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (17)**, sendo nove (9) do grupo provincial do Partido Popular, seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE, e dous (2) do grupo provincial do BNG.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (0)**, ningunha.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación da segunda prórroga do acordo marco que regula a contratación de obras de conservación de firmes na rede viaria da Deputación de Pontevedra, cos votos a favor das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do Partido Popular, do PSdeG-PSOE e do BNG.

3. Aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2026. (Exptes.- 2026040780 -2026039032).

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2026, asinada con data 19 de maio de 2026 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias, cuxo contido é o seguinte:

“O Deputado delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio, Formación e Emerxencias en virtude das delegacións acordadas na Resolución Presidencial nº 2025008021, de data 3 de outubro de 2025, propón ao Pleno a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2026. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 04/26) por importe de 6.546.000,00 euros, suplementos de créditos (SUP.04/26) por importe de 807.500,00 euros e a modificación do Anexo II das bases de execución.

Resultando que a tramitación deste expediente está motivado pola necesidade de realizar gastos que non poden demorarse ata o exercicio seguinte por non existir consignación suficiente no estado de gastos do orzamento corrente, financiándose maioritariamente con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais, salvo o crédito extraordinario con destino ao mantemento en 2026 dos investimentos do proxecto 92210002 “Da túa man” que se recolle na aplicación 26/240-4314-227.99, financiándose con “baixas por anulación” da aplicación 26/240-4316-227.99, cuxos créditos son reducibles sen perturbar a prestación das



actividades previstas; e respecto dos suplementos de crédito para os programas “Inclusión e lecer, relativo a ocio inclusivo” e respecto da convocatoria: “Impulsa Benestar”, para a adquisición ou adaptación de vehículos destinados a entidades de iniciativa social, que se recollen nas aplicacións 26/231-2311-480,05 e 26/231-2311-789.01 respectivamente, son financiados con baixas por anulacións da aplicación 26/231-2313-462.00_2025, cuxos créditos son reducibles sen perturbar a prestación das actividades previstas, por tratarse de sobrantes da convocatoria do exercicio 2025.

Resultando que esta Intervención emite informe de data 19 de maio de 2026, no que indica que o expediente cumpre cos requisitos previstos na normativa de aplicación, tanto en relación cos gastos que se pretenden financiar como cos recursos que os financian e que a súa tramitación respecta o equilibrio orzamentario.

Considerando o disposto nos artigos 177, 179 e 180 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais; nos artigos 34 a 38 e 40 a 42 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, nos artigos 2, 3, 11, 27 e demais concordantes da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira e nas bases de execución do orzamento, en canto a competencia e tramitación a seguir para a aprobación do expediente de modificación de crédito número 04/2026.

O Pleno, de conformidade co ditame favorable da Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, acorda:

Primeiro: Aprobar o expediente de modificación de crédito número 04/2026 da Deputación de Pontevedra. Este expediente inclúe créditos extraordinarios (EXT. 04/26) por importe de 6.546.000,00 euros e outro de suplementos de créditos (SUP. 04/26) por importe de 807.500,00 euros. O detalle do expediente e o seu financiamento é o seguinte:

1.- Créditos Extraordinarios “EXT. 04/26”:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-4314-227.99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, DA TÚA MAN _FOMENTO DE EMPREGO (Mantemento investimentos do proxecto : 92210002 “Da túa man”	3.000,00 €
340-3410-489.17	ACHEGAS A FAMILIAS E INST. SEN FINS DE LUCRO, FOMENTO DO DEPORTE, (Fomentar o fútbol sala e outros deportes)	43.000,00 €
942-9420-762,89	ACHEGAS A CONCELLOS, INVESTIMENTOS PROXECTOS EDIL (UE) _COOPERACIÓN (Financiamento proxectos EDIL 2026)	6.500.000,00 €
	Total créditos extraordinarios...	6.546.000,00 €

Financiamento do expediente Crédito Extraordinarios “EXT. 04/26”:



- A. Por importe de 3.000,00€, correspondente ao mantemento nos investimentos do proxecto 92210002 "Da túa man", con baixas de créditos na aplicación 26/240-4316-227.99 cuxos créditos son reducibles sen perturbar a prestación das actividades previstas.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
240-4316-227.99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS, DA TÚA MAN RURAL II _FOMENTO DE EMPREGO (92310006)	-3.000,00 €

- B. O resto dos Créditos Extraordinarios fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose a seguinte operación:

CONCEPTOS DE INGRESOS	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,01	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Créditos Extraordinarios...	6.543.000,00 €

2.- Suplementos de Créditos "SUP. 04/26":

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231-2311-480,05	DESENVOLVEMENTO SOCIAL COMUNITARIO_ BENESTAR SOCIAL (Programa "Inclusión e lecer, relativo a ocio inclusivo)	125.000,00 €
231-2311-789.01	ENTIDADES DE INICIATIVA SOCIAL, ADQUISICIÓN VEHÍCULOS _ BENESTAR SOCIAL (Convocatoria: "Impulsa Benestar", para a adquisición ou adaptación de vehículos destinados a entidades de iniciativa social)	180.000,00 €
240-2410-489.06	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, EMPRENDEMENTO _FOMENTO DO EMPREGO (Achegas a entidades, detalle Anexo II das bases de execución)	80.500,00 €
330-3340-489,05	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES CULTURAIS_ CULTURA (Achegas a entidades, detalle Anexo II das bases de execución)	15.000,00 €
333-3341-226.99	GASTOS DIVERSOS, OUTROS _MUSEO (PROX. 26_0003 BIENAL DE ARTES VIVAS 2026)	50.500,00 €
333-3330-629.01	OUTRO INMOVILIZADO MATERIAL _ MUSEO (Adquisición piano)	15.000,00 €
333-3330-689.01	ADQUISICIÓN OBRAS DE ARTE _MUSEO (Para completar a compra de: "Abano isabelino realizado en 1865", cadro "Mulleres" de Isaac Díaz Pardo" e "escultura de Isidro Brocos")	33.500,00 €



433-3361-227.99	TRABALLOS R. OUTRAS EMPRESAS (XACEMENTOS)_TURISMO (Actuacións en castros da provincia)	142.000,00 €
926-9260-208.00	ARRENDAMENTO DE OUTRO INMOV. MATERIAL_ NOVAS TECNOLOXÍAS (Licenzas Citrix)	50.000,00 €
926-9260-226,99	GASTOS DIVERSOS, OUTROS_ NOVAS TECNOLOXÍAS (Adecuación normativa ENS para Deputación: 40.000€; Mantemento hardware Hyperflex: 25.000€; Migración do actual sistema de correo electrónico Microsoft Exchange : 51.000€)	116.000,00 €
	Total Suplementos de Créditos...	807.500,00 €

Financiamento do expediente Suplementos de Créditos "SUP. 04/26":

A. Por importe total 305.000,00€, correspondentes ao Programa "Inclusión e lecer, relativo a ocio inclusivo" e para a Convocatoria: "Impulsa Benestar", para a adquisición ou adaptación de vehículos destinados a entidades de iniciativa social, do Centro Xestor Benestar Social, con baixas de créditos na aplicación 26/ 231-2313-462.00_2025, cuxos créditos son reducibles sen perturbar a prestación das actividades previstas, por tratarse de sobrantes da convocatoria do exercicio 2025.

Contabilizándose as seguintes operacións:

BAIXAS POR ANULACIÓN:

APLICACIÓN	DENOMINACIÓN	IMPORTE
231-2313-462.00_2025	A CONCELLOS, SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS _ BENESTAR SOCIAL	-305.000,00 €

B. O resto dos Créditos Extraordinarios fináncianse con aforro propio procedente de exercicios anteriores, é dicir, con remanente líquido de tesourería para gastos xerais.

Contabilizándose as seguintes operacións:

CONCEPTO DE INGRESO	DENOMINACIÓN	IMPORTE
931-870,02	Remanente de Tesourería - Aplicado para financiar Suplementos de Créditos...	502.500,00 €

Resumo do expediente:

TOTAL CRÉDITOS EXTRAORDINARIOS...	6.546.000,00 €
TOTAL SUPLEMENTOS...	807.500,00 €
TOTAL BAIXAS POR ANULACIÓN...	-308.000,00 €
SUMA...	7.045.500,00 €



O Resumo das modificacións por capítulos son as seguintes:

ORZAMENTO DE INGRESOS

Capítulo 1º Impostos directos.	0,00 €
Capítulo 2º Impostos indirectos.	0,00 €
Capítulo 3º Taxas e outros ingresos.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	0,00 €
Capítulo 5º Ingresos patrimoniais.	0,00 €
Capítulo 6º Alleamento de investimentos reais.	0,00 €
Capítulo 7º transferencias de capital.	0,00 €
INGRESOS NON FINANCEIROS...	0,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	7.045.500,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
INGRESOS FINANCEIROS...	7.045.500,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	7.045.500,00 €

ORZAMENTO DE GASTOS.

Capítulo 1º Gastos de persoal.	0,00 €
Capítulo 2º Gastos en bens correntes e servizos.	358.500,00 €
Capítulo 3º Gastos financeiros.	0,00 €
Capítulo 4º Transferencias correntes.	-41.500,00 €
Capítulo 6º Inwestimentos reais.	48.500,00 €
Capítulo 7º Transferencias de capital.	6.680.000,00 €
GASTOS NON FINANCEIROS...	7.045.500,00 €
Capítulo 8º Activos financeiros.	0,00 €
Capítulo 9º Pasivos financeiros.	0,00 €
GASTOS FINANCEIROS...	0,00 €
TOTAL VARIACIÓNS POR CAPÍTULOOS...	7.045.500,00 €

3.- Modificación do Anexo II das bases de execución, modificando e engadindo como subvencións nominativas, as seguintes:

240- FOMENTO DE EMPREGO

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
240-2410-489.06	A ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, EMPRENDEMENTO FOMENTO DE EMPREGO	105.500,00 €	
G70115282	CLÚSTER DA COMUNICACIÓN DE GALICIA	10.000,00 €	CONGRESO DE MARKETING FLÚOR 2026
G36644961	ASOCIACIÓN CLÚSTER DEL GRANITO	10.000,00 €	SUMMIT ARQUITECTURA Y PIEDRA



G36823094	ASOCIACIÓN CÍRCULO DE EMPRESARIOS DE GALICIA	60.500,00 €	PONTE FUTURO 2026
-----------	--	-------------	-------------------

330_CULTURA

APLICACIÓN/CIF	BENEFICIARIO/ FINALIDADE	CRÉDITO FINAL	Obxecto e finalidade
330-3340-489,05	A FAMILIAS E ENTIDADES SEN FINS DE LUCRO, ACTIVIDADES CULTURAIS CULTURA	1.409.500,00 €	
Q1500423G	Academia Xacobeia	6.000,00 €	Organización das xornadas "O Camiño de Inverno na provincia de Pontevedra",
G72807837	Asociación de Veciños NovaMeira	4.000,00 €	"MAR DA ILLA - FESTIVAL INTERNACIONAL DAS CULTURAS
G94194933	Asociación Taller Experimental de Obra Múltiple Contemporánea	5.000,00 €	"IV MINI PRINT INTERNACIONAL GALICIA 2026"

Segundo: Este expediente de modificación de créditos número 04/2026 que inclúe créditos extraordinarios (EXT. 04/26) por importe de 6.546.000,00 euros, suplementos de créditos (SUP.04/26) por importe de 807.500,00 euros e as modificacións do Anexo II das Bases de execución do orzamento, exporase ao público para os efectos de reclamacións, por un período de quince días hábiles, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra (BOPPO).

As reclamacións, reparos ou observacións que se presenten serán estudados, no seu caso, polos servizos técnicos da Deputación de Pontevedra e posteriormente pola Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda, que formulará ao Pleno a proposta de aprobación definitiva deste expediente.

Este acordo de aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 04/2026, entenderase definitivamente aprobado no caso de que no prazo de exposición pública non se formulasen reclamacións contra o mesmo."

Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo correspondente á aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2026, asinada con data 19 de maio de 2026 polo Xefe do Servizo de Orzamentos, Plans e Organismos e polo Deputado Delegado de Xestión Tributaria, Patrimonio e Formación e Emerxencias.



O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a aprobación inicial do expediente de modificación de créditos número 4/2026, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

4. *Proposición da Presidencia para modificación da relación de postos de traballo do persoal eventual. (Exptes.- 2026040781 - 2025070722).*

O Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra elaborou para someter ao Pleno da Corporación Provincial, unha proposición para modificar a relación de postos de traballo do personal eventual, asinada con data 18 de maio de 2026, co obxecto de transformar un posto de asesor/a de prensa dotado cunha retribución anual de 48.467,17 euros, nun posto de director/a de acción municipal e investimentos cunha retribución anual de 65.699,95 euros.

O Presidente da Comisión somete a debate a proposta de acordo sobre a proposición da Presidencia para modificación da relación de postos de traballo do persoal eventual, asinada con data 18 de maio de 2026 pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación e polo Deputado Delegado de Turismo, Transparencia e Administración Xeral, cuxo contido é o seguinte:

“De conformidade co disposto nos artigos 104 e 104 bis da Lei 7/85, de 2 de abril reguladora das bases de réxime local, 176 do RDL 781/86, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido de disposicións legais vixentes en materia de réxime local, 12 do Real decreto lexislativo 5/2015 de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, e 29 a 31 e 201 da Lei 2/2015 de 29 de abril, de emprego público de Galicia, ACÓRDASE: modificar a relación de postos de traballo de persoal eventual, de confianza e asesoramento especial, para transformar un posto de asesor/a de prensa, nun posto de director/a de acción municipal e investimentos, equivalente a un subgrupo A1, co fin de reforzar e dar maior apoio ás liñas de actuación que derivan desta área de goberno.



Dita modificación implica a amortización do posto anterior e a creación dun novo posto, con distintas funcións e retribucións, o que se leva a cabo conforme ao seguinte detalle:

Posto anterior que se amortiza

<i>Custo total por 6 meses</i>	<i>Retribución anual</i>	<i>Retribucións 6 meses</i>	<i>Seg. social 6 meses</i>	<i>Total 6 meses 2026</i>
<i>1 Asesor/a de prensa</i>	48.467,17 €	24.233,59 €	7.701,44 €	31.935,02 €

Posto de nova creación

<i>Custo total por 6 meses</i>	<i>Retribución anual</i>	<i>Retribucións 6 meses</i>	<i>Seg. social 6 meses</i>	<i>Total 6 meses 2026</i>
<i>1 Director/a de acción municipal e investimentos</i>	65.699,95 €	32.849,98 €	10.439,72 €	43.289,70 €

<i>Custo total por 6 meses</i>	<i>Retribución</i>	<i>Retribucións 6 meses</i>	<i>Seg. Social 6 meses</i>	<i>Total 6 meses 2026</i>
<i>Diferenzas</i>	17.232,78 €	8.616,39 €	2.738,29 €	11.354,68 €

O aumento do custo salarial total para este ano 2026, por seis meses, ascende a 8.616,39 € en concepto de retribucións, e 2.738,29 € en concepto de seguridade social, cantidades que se imputaran ás aplicacións orzamentarias 26/912.9120.110.01 e 26/912.9120.160.02.

Na resolución de nomeamento indicárase o contido das funcións, tarefas ou labores encomendadas, propios dos servizos xerais da Corporación Provincial para a súa posterior inclusión na relación de postos de traballo da Corporación.

Esta retribución será actualizada en función do establecido na Lei de orzamentos xerais do Estado de cada ano.

Este acordo será publicado na forma prevista no apartado 5 do artigo 104 bis da LRBRL, e no portal de transparencia da Deputación en aplicación do artigo 8.1 f) da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información e bo goberno, así como os respectivos nomeamentos do persoal eventual.

O presidente da Deputación Provincial informará ó Pleno con carácter trimestral do número, características e retribucións do persoal eventual.”



Unha vez debatido o asunto e segundo o establecido nos artigos 32 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, 52 do Regulamento orgánico da Deputación de Pontevedra e 126 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, sométese a votación a proposta de acordo correspondente á proposición da Presidencia para modificación da relación de postos de traballo do persoal eventual, asinada con data 18 de maio de 2026 pola Xefa do Servizo de Recursos Humanos e Formación e polo Deputado Delegado de Turismo, Transparencia e Administración Xeral.

O resultado da votación foi o seguinte:

1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo (6) do grupo provincial PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a proposta de acordo sobre a proposición da Presidencia para modificación da relación de postos de traballo do persoal eventual, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular, e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

5. *Moción do Grupo Provincial do Partido Popular (PP) para instar ao Goberno de España a que remate todas as obras e actuacións pendentes que ten no Concello de Pontevedra. (Expte.- 2026041132).*

O voceiro do grupo provincial do Partido Popular, D. Jorge Cubela López, presentou o día 19 de maio de 2026 co número de rexistro WEB2026043378 unha moción para instar ao Goberno de España a que remate todas as obras e actuacións pendentes que ten no Concello de Pontevedra, cuxo contido é o seguinte:

“MOCIÓN DO GRUPO PROVINCIAL DO PARTIDO POPULAR NA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA PARA INSTAR AO GOBERNO DE ESPAÑA A QUE REMATE TODAS AS OBRAS E ACTUACIÓNS PENDENTES QUE TEN NO CONCELLO DE PONTEVEDRA.



EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Goberno de España continua coa súa constante discriminación, menosprezo e falta de respecto en toda a provincia, pero especialmente no Concello de Pontevedra no que se refire a infraestruturas e mobilidade. O Concello de Pontevedra ten bloqueadas varias infraestruturas estratéxicas tanto para a cidade como para a súa comarca, polo que desde o Grupo Provincial do PP esiximos a súa inmediata posta en marcha.

O que está a ocorrer na capital da provincia por parte do Executivo central en mans do PSOE é completamente intolerable e incluso esperpéntico, xa que anuncian obras, anuncian orzamentos, incluso comezan algunha das obras e sen aviso ningún, logo as paralizan. A cidade merece investimentos reais e non máis bloqueos, xa que non pode ser un territorio máis olvidado e nenguneado polo goberno de Pedro Sánchez.

Desde o PP Provincial non imos tolerar esta falta de respecto cara os nosos cidadáns. Non imos a tolerar máis agravios e non imos consentir que o Goberno ataque e discrimine á cidade de Pontevedra desta maneira, polo que imos facer todo o que sexa posible no eido político e administrativa para que a capital provincial sexa atendida como lle corresponde. E ademais non podemos entender que isto conte co aplauso e beneplácito do PSOE local e provincial e cunha cativa crítica covarde do BNG.

Pontevedra non pode seguir sendo unha cidade castigada polo Gobeno central, xa que estas dinámicas de retrasos e bloqueos nas súas necesarias infraestruturas estanse a repetir durante os últimos anos de maneira continuada.

A continuación, detállase o estado de parálise de cada un dos catro proxectos que centran as reclamacións:

- *Nó de Bombeiros (Acceso norte da AP-9). As obras atópanse totalmente paralizadas e sen data de continuación, xa que o Goberno central confirmou que o seu freo débese a problemas xeotécnicos detectados no terreo. Mentres, seguimos á espera da aprobación da redacción dun proxecto modificado para axustar o orzamento e as solucións técnicas, o que é unha excusa máis que deixa parada unha infraestrutura fundamental para mellorar a mobilidade e seguridade nun dos principais accesos á cidade.*
- *Continuos anegamentos na Autovía de Marín (PO-11). Este vial sofre frecuentes cortes de tráfico por anegamentos. Xa se presentaron iniciativas no Congreso esixindo solucións urxentes, xa que os cortes afectan gravemente a milleiros de cidadáns, ao tráfico pesado e ao acceso ao Porto de Marín. A PO-11 é unha vía*



fundamental para o movemento da poboación e tamén para o desprazamento do tráfico portuario e, recurrentemente, cando coinciden determinadas circunstancias meteorolóxicas, a estrada inundase e cortase. O último corte supuxo que mil camións quedaran bloqueados sen poder acceder ao porto de Marín.

- *Dragaxe do Río Lérez. O proxecto para retirar os sedimentos e recuperar a navegabilidade do río segue bloqueado de forma crónica. Atópase atrapado en complexos trámites e esixencias ambientais por parte de Costas do Estado. A dragaxe é unha das principais reivindicacións da cidadanía de Pontevedra desde hai décadas, xa que é unha actuación de gran importancia estratéxica para o futuro da ría. A falta de calado que ten actualmente condiciona o futuro económico de centos de persoas. Fai un mes o PSOE pontevedrés fixo un intento de alarmismo, en boca do subdelegado do Goberno en Pontevedra, dicindo que había presenza de mercurio nos áridos que se van dragar do Lérez, polo que non só retrasan esta actuación -bloqueada durante 4 anos por parte do mesmo Ministerio-, senón que tamén tentan tapar as súas torpezas con mentiras, xa que son áridos inocuos non contaminantes.*
- *Antigo Edificio de Facenda (Praza de San Francisco). O proxecto de rehabilitación estrutural do inmovible de propiedade estatal permanece completamente paralizado e en estado de abandono. O edificio, catalogado como Ben de Interese Cultural, está pechado desde 2010 e agora está valado debido ao progresivo deterioro do seu tellado e da súa fachada. O PP de Pontevedra, a través de sucesivas mocións municipais, esixiu o desbloqueo inmediato desta infraestrutura e solicitou ao Goberno central que o inmovible se converta no futuro Arquivo Provincial.*
- *Paseo peonil entre Pontevedra e Marín. O pasado mes de febreiro o Estado confirmou oficialmente que non dispón dunha solución para finalizar o paseo peonil que une Pontevedra e Marín. Admite que “non pode cumprir cos requisitos legais, funcionais, ambientais e económicos” para executar o tramo pendente de arredor de 800 metros, alegando problemas estruturais. Este paseo peonil é unha importante infraestrutura reclamada dende fai moitos anos para mellorar a seguridade viaria, fomentar a mobilidade sostible e reforzar a conexión entre Pontevedra e Marín, polo que é inaceptable que, outra vez máis, se prometan proxectos, e despois se abandonen sen dar nin explicacións nin solucións.*

Ante todos estes agravios coa cidade de Pontevedra, o alcalde, Miguel Anxo Fernández Lores, que habitualmente mantén un silencio cómplice e actúa con sumisión cara Pedro Sánchez, incluso chegou a queixarse timidamente o pasado mes de febreiro cando manifestou, textualmente, que o “Goberno de España non está a cumprir nin a portarse ben” coa capital provincial.



Pola súa banda, o propio PSOE de Pontevedra desmarcase da parálise de Costas e do Ministerio de Transportes, á dragaxe do Lérez, xa que admite que leva un atraso intolerable e incluso chegou a recoñecer o anuncio da dragaxe como "unha boa noticia que chega tarde". E con respecto á autovía de Marín, os socialistas locais tampouco dubidaron en votar xunto ao PP para esixir solucións urxentes e obras inmediatas ante os recorrentes anegamentos e no que se refire ao edificio de Facenda, defenden que o Ministerio debe axilizar a tramitación patrimonial.

Polo tanto, ata as forzas de esquerdas da cidade están a queixarse, aínda que non coa contundencia que merece esta reiterada situación, do maltrato que o Executivo central está causando á cidade, polo que cremos, desde o PP Provincial, que chegou o momento de elevar o tono das reivindicacións para que a paralización destas infraestruturas provinciais se revirta con urxencia.

Por todo iso, o Grupo Provincial do Partido Popular na Deputación de Pontevedra presenta a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDOS

- 1. Instar ao Goberno de España a que tome de maneira inmediata as medidas necesarias para recuperar o vello edificio de Facenda e que, forme parte do Arquivo Provincial.*
- 2. Esixir ao Executivo central que axilice de xeito inmediato a aprobación do proxecto modificado do nó de bombeiros e fixe un calendario claro e concreto para a continuación das obras.*
- 3. Reclamar ao Goberno central que adopte solucións inmediatas para paliar os continuos cortes de tráfico da autovía de Marín producidos polos anegamentos e que afectan a centos de cidadáns, empresas e ao porto de Marín.*
- 4. Instar a que de maneira inmediata o Goberno central desbloquee a situación da dragaxe do río Lérez, que é unha das principais reivindicacións da cidadanía de Pontevedra desde hai décadas, e de gran importancia para o futuro da ría.*
- 5. Exisir ao Gobierno central a procura inmediata dunha alternativa técnica viable, e a fixación dun calendario claro de actuación con financiamento garantido para rematar o paseo peonil Pontevedra- Marín.*



Sometida a votación a moción do grupo provincial do Partido Popular para instar ao Goberno de España a que remate todas as obras e actuacións pendentes que ten no Concello de Pontevedra, obtívose o seguinte resultado:

1. **Votos a favor: (9)**, do grupo provincial do Partido Popular.
2. **Votos en contra: (0)**, ningún.
3. **Abstencións: (8)**, sendo seis (6) do grupo provincial do PSdeG-PSOE e dúas (2) do grupo provincial do BNG.

A Comisión Informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda ditamina favorablemente a moción do grupo provincial do Partido Popular para instar ao Goberno de España a que remate todas as obras e actuacións pendentes que ten no Concello de Pontevedra, cos votos a favor das Deputadas e Deputados do grupo provincial do Partido Popular e coas abstencións das Deputadas e Deputados dos grupos provinciais do PSdeG-PSOE e do BNG.

6. *Dar conta do informe da Intervención sobre o período medio de pago a provedores correspondente ó mes de abril de 2026. (Exptes.- 2026040784–2026037164).*

A Intervención elaborou un informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra, da Escola Universitaria de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios do Deza e Tabeirós-Terra de Montes, correspondente ó mes de abril de 2026, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría con data 11 de maio de 2026, onde se deixa constancia do seguinte:

“A Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, introduce o concepto de período medio de pago como expresión do tempo de pago ou retraso no pago da débeda comercial, de xeito que todas as Administracións Públicas, nun novo exercicio de transparencia, deberán facer público o seu período medio de pago que deberán calcular de acordo cunha metodoloxía común establecido no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

O período medio de pago mide o retraso no pago da débeda comercial en termos económicos, como indicador distinto respecto do período legal de pago establecido na



Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

O artigo 6 do Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo, en relación á publicidade do período medio de pago a provedores establece que as comunidades autónomas e as corporacións locais remitirán ó Ministerio de Facenda e Administracións Públicas e publicarán periodicamente, de acordo co que se prevea na Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, a información relativa ó seu período medio de pago a provedores referido, segundo corresponda, ao mes ou ao trimestre anterior:

Á vista deste precepto legal o servizo de Intervención elaborou o informe do período medio de pago a provedores da Deputación de Pontevedra e as entidades locais Escola Universitaria de Enfermería, Consorcio Provincial Contra incendios e Salvamento e Consorcio do Deza Tabeirós correspondente ao mes de abril de 2026 que se expón a continuación:

PERÍODO MEDIO DE PAGO A PROVEDORES ABRIL 2026

Entidade	Mes	Ratio Operacións Pagadas	Importe Pagos Realizados	Ratio Operacións Pendentes	Importe Pagos Pendentes	Período Medio de Pago
Deputación de Pontevedra	Abril	11,0900000000	3.847.345,39	8,0100000000	2.430.411,10	9,8975889532
Escola de Enfermería	Abril	2,0000000000	2.139,49	0,0000000000	0,00	2,0000000000
Consorcio de Incendios e Salvamento	Abril	2,9100000000	39.105,14	0,0000000000	0,00	2,9100000000
Consorcio Deza Tabeiros	Abril	11,9600000000	19.073,05	10,0000000000	8.310,04	11,3651920948
TOTAL			3.907.663,07		2.438.721,14	9,8582027547

En base aos cálculos detallados neste informe ponse de manifesto que se cumpre co período medio de pago legalmente previsto.

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido do **informe do período medio de pago a provedores correspondente ó mes de abril de 2026 da Deputación Provincial de Pontevedra, da Escola Universitaria**



de Enfermería, do Consorcio Provincial Contraincendios e Salvamento e Consorcio Contraincendios Deza e Tabeirós-Terra de Montes, en relación ó disposto na Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril de Estabilidade Orzamentaria e Sostibilidade financeira e no Real Decreto 635/2014 de 25 de xullo polo que se desenvolve a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.

7. *Dar conta do informe da Intervención sobre o control financeiro de subvencións 2023. (Exptes.- 2026040786 – 2025016467).*

A Intervención elaborou un informe sobre o control financeiro de subvencións concedidas no exercicio 2023, asinado pola Viceinterventora e polo Xefe do Servizo de Contabilidade e Auditoría, con data 29 de abril de 2026, onde se deixa constancia do seguinte:

INFORME DE CONTROL FINANCEIRO DE SUBVENCIONES 2023.

INTRODUCCIÓN.

O presente informe refírese ao traballo de control financeiro de subvencións concedidas no exercicio 2023.

A Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, establécese un sistema de seguimento a través do control e avaliación de obxectivos, dentro dos cales se pode encadrar a actividade de control financeiro das subvencións. Este vén esixido polo artigo 44 da Lei que, no seu apartado 3, establece que a competencia para o exercicio do control financeiro de subvencións lle corresponderá á Intervención Xeral da Administración do Estado...; así mesmo, na Disposición adicional 14ª establécese que os procedementos regulados nesta Lei se adaptarán regulamentariamente ás condicións de organización e funcionamento das corporacións locais.

No que se refire á competencia para exercer o control financeiro das subvencións, a disposición adicional décimo cuarta da Lei xeral de subvencións establécese que “a competencia para exercer o control financeiro das subvencións concedidas polas corporacións locais e os organismos públicos delas dependentes lles corresponderá aos órganos ou persoal funcionario que teñan atribuído o control financeiro da xestión económica das devanditas corporacións referidos nos artigos 213 e seguintes do R.D.L. 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais”.

Este informe ten por obxecto informar das actuacións de control financeiro en materia de subvencións planificadas e executadas, grao de cumprimento do Plan, resultado das actuacións, conclusións e formular as recomendacións correspondentes.



Como en exercicios precedentes, no 2023 as subvencións sometíanse ó control de fiscalización previa dos expedientes de concesión e de xustificación. O control financeiro non se estaba realizando na súa integridade xa que a comprobación da aplicación das subvencións consiste na revisión da documentación remitida polas entidades e persoas beneficiarias e cando se trata de axudas para a realización de investimentos, nalgúns casos, realízase a inspección física e verificase que a xefatura do servizo, que tramitou o expediente da subvención, elaborou un informe sobre o cumprimento da súa finalidade.

Dentro do marco do control financeiro de subvencións se levaron a cabo dous tipos de traballos, por unha banda un Control Financeiro Pleno, e outro co obxectivo de comprobación do período de adscrición das subvencións cuxa finalidade sexa o financiamento de bens inventariables.

O criterio de selección de expedientes atende aos criterios de procedemento de concesión así como o seu importe, de tal xeito que fíxose a selección de todas aquelas subvencións concedidas polo procedemento directo e nominativo que superaron os 35.000,00 € dado que son os de maior volume económico, é onde se concentra mais risco de incumprimentos en función dos traballos de exercicios precedentes, resultando seleccionados 10 expedientes de subvenciones nominativas.

Adicionalmente se seleccionaron mediante sorteo 21 expedientes de subvencións de gasto corrente concedidas por concorrencia competitiva que superaron o importe de 6.000,00 €, ata acadar o 20 % dos concedidos por centro xestor.

En referencia a comprobación de subvencións de inversións o importe mantívose nos 10.000,00 € como nos exercicios anteriores, resultando seleccionados 17 expedientes.

OBXECTIVOS.

Os traballos de Control Financeiro Pleno das subvencións concedidas no exercicio de 2023, tiveron coma finalidade fundamental verificar:

- *A adecuada e correcta obtención das subvencións por parte do beneficiario*
- *O cumprimento por parte de beneficiarios e entidades colaboradoras das obrigacións de xestión e aplicación das subvencións.*
- *A adecuada e correcta xustificación das subvencións por parte dos beneficiarios e entidades colaboradoras e a consecución do obxecto da subvención*
- *A realidade e regularidade das operacións que, de acordo coa xustificación presentada polos beneficiarios e colaboradores, foron financiadas coa subvención.*
- *O adecuado financiamento das actividades subvencionadas.*



- *A existencia de feitos, circunstancias ou situacións non declaradas á Administración polos beneficiarios, que poidan afectar á correcta obtención, utilización, gozo ou xustificación da subvención, así como a realidade e regularidade das operacións por ela financiadas.*

Este control a posteriori realízase mediante a técnica de auditoría pública.

Sobre as actuacións de control, estas consisten en:

- *O exame de rexistros contables e estados financeiros que as soportaban.*
- *Operacións individualizadas relacionadas ou que afectasen ás subvencións concedidas.*
- *A comprobación de aspectos parciais e concretos dunha serie de actos relacionados con estas.*
- *A comprobación material dos investimentos financiados.*
- *As actuacións concretas de control que se debían realizar conforme á normativa reguladora.*

Polo que se refire ás actuacións de comprobación do período de adscrición, estas consisten en:

- *O exame da conta xustificativa.*
- *A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflicten na mesma.*
- *Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas, ou copia compulsada.*
- *Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.*
- *Extracto bancario onde se reflictan os pagos e os ingresos relacionados ca subvención.*
- *Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.*
- *Inspección física, emitíndose informe sobre a comprobación in situ de referida adscrición.*

DESENVOLVEMENTO DO PLAN DE CONTROL FINANCEIRO.

3.1. PLAN DE CONTROL FINANCEIRO.

O Control financeiro en materia de subvencións executouse de conformidade co Plan Anual. Este control se iniciou no exercicio 2025 sobre as subvencións concedidas no ano 2023 xa que na data de realización dos traballos deben estar concluídas as actividades ou investimentos obxecto das diferentes intervencións.

Do total de subvencións excluíronse as subvencións concedidas ós concellos da provincia, outras entidades locais e entes públicos, xa que en cada un deles existe un órgano de control propio que fiscaliza a aplicación correcta dos fondos concedidos. Igualmente, pola presunción dun maior control e conseguinte redución de risco, exclúense aquelas axudas correspondentes con Plans e Programas que se executan



conxuntamente, ou en coordinación, cos Concellos por ser estes beneficiarios da actividade desenvolta. Adicionalmente se exclúen tamén aquelas entidades que xa foron obxecto de Control Financeiro no exercicio precedente independentemente do seu resultado, ca finalidade de ir ampliando o número de entidades beneficiarias de subvencións.

Como consecuencia o detalle da mostra de traballo quedou do seguinte xeito:

	SUBVENCÍONS NOMINATIVAS DO 2023	
TOTAL DE SUBVENCÍONS 2023	88	2.838.813,70€
SELECCIÓN. MAIORES DE 35.000,00 €	10	505.341,00 €
COBERTURA	11,36 %	17,80 %

Foron obxecto de Control Financeiro 10 expedientes de subvencións nominativas, sendo seleccionadas as que superan o importe de 35.000,00 €, dun total de 88 do ano 2023, acadando unha cobertura de 17,80 % do importe concedido .

Por outra banda se seleccionaron por sorteo 20 expedientes concedidos en concorrencia competitiva, entre as de importe superior a 6.000,00 € ata acadar o 20 % dos concedidos por centro xestor, o seu detalle sorteado foi:

CENTRO XESTOR	EXP.	20%
BENESTAR SOCIAL	5	1
CULTURA	17	3
DEPORTES	77	15
FOMENTO DE EMPREGO	4	1
	103	20

A selección por mostraxe se fixo utilizando follas de cálculo nas que figuran os datos de cada un dos expedientes de subvención, procedendo, mediante a función aleatoria (que inclúe Microsoft Excel), a asignar un número entre 0 e 1 con múltiples decimais a cada un dos expedientes. Unha vez feito isto e mediante outra fórmula de Excel (Buscar V) procedeuse a buscar, dentro este rango de números aleatorios asignados, os x números maiores. O que fai esta función é ordenar os expedientes en función do número aleatorio



asignado polo programa de maior a menor e así nos permite poder elixir os primeiros da lista en función do número de subvencións que se estimase que se deben revisar en cada un dos grupos.

A determinación dos expedientes a revisar na que a inversión continúa adscrita o obxecto para que foi concedida, fíxose sobre aquelas subvencións concedidas por importe igual ou superior a 10.000,00 €.

CAP. VII MAIOR OU IGUAL A 10.000,00 €						
CENTRO XESTOR	Nº EXP.	IMPORTE	TOT. EXPD.	% EXP.	IMPORTE	% IMP.
MED. AMB.	10	248.859 €	17	58,82 %	429.215,19 €	57,98%
PAT. DOC	7	81.673 €	8	87,50%	93.580,77 €	87,28%
COBERTURA	17	330.532 €	25	68,00%	522.795,96 €	63,22%

3,2 DETERMINACIÓN DOS EXPEDIENTES A EXAMINAR.

Reunidos na Deputación de Pontevedra as 12:00 do día 2 de abril de 2025 e estando presentes:

Dna. Susana Escaloni Varela, Vicenterventora da Deputación de Pontevedra.

D. Julio Souto Diz, Xefe do Servizo de Contabilidade e auditoría da Deputación de Pontevedra.

Dna. Marta Blach Silva, Técnica de Contabilidade e Control Financeiro da Deputación de Pontevedra.

Procedeuse ó sorteo dos expedientes que formaron parte do Control Financeiro de Subvencións segundo ó establecido no punto VI.1 do “Plan de Control Financeiro de Subvencións concedidas no exercicio 2023”.

En primeiro lugar realizase o sorteo das subvencións de concorrência competitiva, das que se seleccionaron os 20 expedientes sinalados no Plan de Control Financeiro.

Resultando seleccionados os seguintes expedientes:



20 EXPEDIENTES SORTEO CONCORRENCIA COMPETITIVA (1 COHESIÓN, 3 CULTURA, 15 DEPORTES, 1 FOMENTO DE EMPREGO)				
EXPEDIENTE	NIF	TERCEIRO	DETALLE	IMPORTE
2022068733	G36833648	SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA	PROMOVIDO EL EJERCICIO DEL DERECHO A LA ORGANIZACIÓN COMUNITARIA Y LA ALIMENTACIÓN DE LAS	15.000,00 €
2023019504	G94076437	ASOCIACION XUVENTUDES MUSICAIS EIXO ATLANTICO	11º FESTIVAL IKFEM	14.152,59 €
2023019446	G94176211	ASOCIACION CULTURAL ASEMBLEA DA MOCIDADE DE VILABOA	CANTEIRAFEST 2023	6.687,49 €
2023018555	G36024289	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA	VIII FESTIVAL INTERCELTIPO O SON DO PAZO	7.881,63 €
2023017578	G36511897	M.N.M. -MOVETE NA MOTO-	L1-ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO DE ENDURO 2023 - G.P. DE ESPAÑA 2023 EN LALÍN	13.494,18 €
2023025621	G36043032	CLUB NAVAL DE PONTEVEDRA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	13.054,04 €
2023029129	G36111300	CLUB DE REMO ROBALEIRA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	7.364,32 €
2023028649	G36029908	C.KAYAK TUDENSE	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	25.000,00 €
2023028652	G36035202	CLUBE PIRAGUISMO AS TORRES - CATOIRA-	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	16.810,04 €
2023012967	G36320729	CLUBE BALONMAN CAÑIZA	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (BALONMANO)	20.000,00 €
2023015941	G36132553	ESCUELA DEPORTIVA MUNICIPAL ESTRADENSE	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (BALONCESTO)	12.667,76 €



2023015666	G36301794	CLUB DE TAEKWONDO MACE-SPORT	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (OUTRAS MODALIDADES-TAEKWONDO)	6.465,31 €
2023028651	G36042067	CLUB PIRAGUISMO ILLA DE AROUSA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	11.480,55 €
2023015442	G36041994	C.D. CHOCO - REDONDELA-	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (FUTBOL)	18.000,00 €
2023012234	G27726835	CLUB DEPORTIVO I E S CORUXO FUTBOL SALA	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (FUTBOL SALA)	8.000,00 €
2023026706	G36015634	CLUB MARITIMO DEPORTIVO E CULTURAL BREOGAN DO GROVE	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	17.004,48 €
2023019419	G36645398	ESCUDERIA RIAS BAJAS	L1-56 RALLYE RECALVI RÍAS BAIXAS	13.494,18 €
2023014108	G94085230	LUCEROS	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (BALONMANO)	15.000,00 €
2023015751	G94077054	ASOCIACION RECREATIVA CICLISMO OIENSE	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (CICLISMO)	7.086,41 €
2023065224	B94040524	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD SOCIEDAD LIMITADA	SUBVENCIÓN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO	6.500,00 €

Ademais completan a mostra, segundo o establecido no punto VI.1 do Plan de Control Financeiro, os seguintes expedientes:

10 EXPEDIENTES SUBVENCIÓNES NOMINATIVAS SUPERIORES A 35.000,00 €				
EXPEDIENTE	NIF	TERCEIRO	DETALLE	IMPORTE
2023022256	G10643922	ASOC. AGROGANDEIRA E DE DESENVOLVEMENTO RURAL AGRO NOSO	DESENVOLVEMENTO DE NOVOS MODELOS DE XESTIÓN FORESTAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	38.000,00 €
2023016058	G10644078	ASOC AGROGANDEIRA E DE DESENV. RURAL AGRO RURAL	DESENVOLVEMENTO DOS SISTEMAS DE "CERO EMISIÓNES NETAS" NAS EXPLOTACIÓNES AGROGANDEIRAS	38.600,00 €
2023024470	G70303219	UNION LEITEIRA GALEGA	GRANXA VERDE	39.300,00 €
2023018784	G32115941	CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE. PROV. DE PONTEVEDRA	40.000,00 €



2023004119	G36024164	CLUB CISNE DE BALONMANO	GASTOS PARTICIPACION EN COMPETICIÓNS OFICIAIS	45.000,00 €
2023005422	Q2818002D	AGENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTIFI	DIVULGACION DA INVESTIGACION AGROFORESTAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	50.000,00 €
2023020835	G81845083	FUNDACION ALTERNATIVAS	SEMINARIO SOBRE O PAPEL DA ECONOMIA AZUL NA TRANSICION ECOLOXICA	54.600,00 €
2022045576	G36614774	ASOC INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICI	PROGRAMA TECNOLÓXICAS 2022-2023	54.841,00 €
2023040710	Q8650002B	UNIVERSIDAD DE VIGO	CATEDRA DE FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO 2023	65.000,00 €
2023030762	Q8650002B	UNIVERSIDAD DE VIGO	REGULACION DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS CIENTIFICOS	80.000,00 €

17 EXPEDIENTES CORRESPONDENTES A SUBVENCIONS DO CAPT. VII SUPERIORES A 10.000,00 €

EXP	NIF	TERCEIRO	DETALLE	IMPORTE
2023013622	F36100782	COOP DEL CAMPO O RODO, S.C.L.	ADQUISICIÓN ROTOEMPACADORA-ENCINTADORA	29.833,72 €
2023018608	F36173599	COOP AGRICOLA DE FORCAREI S.COOP. GALEGA	MAQUINARIA AGRÍCOLA, EQUIPAMENTO E DOMOTIZACIÓN ESTACIÓN DE SERVICIO.	22.206,60 €
2023018754	F36188829	APRODEZA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA	CAMBIO CUBERTA NAVE DA COOPERATIVA E ADQUISICIÓN DUNHA TRITURADORA	32.545,87 €
2023019490	F36211019	COBIDEZA SDAD COOP	INVESTIMENTO NA QUEIXERÍA	35.000,00 €
2023019478	F36334092	XUNCOGA, S. COOP. LTDA.	ERP SAP B.O. UNIFICACIÓN PROGRAMAS INFORMÁTICOS FORMULACIÓN-FABRICACIÓN-GESTIÓN	29.833,72 €
2023019476	F36477354	COOP VITIVINICOLA AROUSANA S COOP GALEGA	INVESTIMENTOS NO 2023 PARA A MELLORA DE SERVIZOS QUE PRESTA A COOPERATIVA	29.833,72 €
2023018262	G36012839	COFRADIA DE PESCADORES SAN ROQUE - PORTONOVO-	ADQUISICIÓN DE CAIXAS REUTILIZABLES, PALETS, ESLINGAS E PUNTALES	10.271,60 €
2023018176	G36014389	COFRADIA DE PESCADORES SAN JOSE DE CANGAS	INSTALACIÓNS DE ALARMA DE INCENDIOS, SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIA E ADQUISICIÓNS VARIAS	15.440,62 €
2023018786	G36014744	COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE ELGROVE	ADQUISICIÓN DE FURGONETA	30.000,00 €
2023018207	G36293272	CONFRARIA DE PESCADORES DE VILABOA PEDRA DA OLIVEIRA	MELLORA AUTOCARGADOR DE ALGAS E CAIXAS E SACOS REUTILIZABLES	13.893,09 €
2023023763	G36204428	ASOCIACION GRUPO CULTURAL RONSEL	RECUPERACIÓN DA DORNA DE CONSTRUCCIÓN MIXTA "CAPITANA"	12.763,08 €
2023023866	G36307247	AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO	RECUPERACIÓN E MELLORA DA DORNA POLBEIRA "CONINHA"	10.427,53 €
2023023874	G36319721	C. MARIÑO SALNES	RESTAURACIÓN DA DORNA DE TOPE "MULLER DE BALBOAS"	10.000,00 €



2023023618	G36447860	ASOCIACION CULTURAL DEPORTIVA E PRESTADORA DE SERVICIOS XUVE	RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA EMBARCACIÓN "ILLA DE CORTEGADA"	11.954,02 €
2023023698	G36484392	ASOC CULTURAL, DEPORTIVA E PROMOTORA DE ACTIVIDADES XUVENIS F	TRABALLOS DE MELLORA EN DORNA DE TOPE "LAVANQUEIRA"	10.823,13 €
2023021825	G36799351	ASOCIACION DE MARINEROS ARTESANALES Y DEPORTIVOS SAN MIGUEL	TRABALLOS NA DORNA XEITEIRA "A FALUCHEIRA"	13.520,65 €
2023022230	G94151446	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA VELA TRADICIONAL CAMBADOS	RESTAURACIÓN DA DORNA DE TOPE "AIREXA"	12.184,64 €

LEXISLACIÓN APLICABLE.

- Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- R. d. 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003 xeral de subvencións.
- Normas de auditoría do sector público.
- Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público.
- Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación de Pontevedra. BOP nº 249 de 30 de decembro de 2016.
- Bases reguladoras do orzamento provincial de 2023.
- Bases das distintas convocatorias de subvencións aprobadas no exercicio 2023.

RESULTADOS DO TRABALLO REALIZADO.

O obxecto do presente informe é resumir as principais incidencias detectadas como consecuencia do desenvolvemento dos traballos de control financeiro, así como pór de manifesto algúns aspectos que se deberían ter en conta no desenvolvemento desta actividade de fomento. Para iso este apartado dividirémolo, por unha banda nas conclusións obtidas como consecuencia dos traballos de Control Financeiro e por outra cas conclusións obtidas dos traballos de actuación de comprobación do período de adscrición dos bens que foron subvencionados para a súa adquisición.

Finalmente, como consecuencia de os traballos, fanse unha serie de suxestións a ter en conta nas bases reguladoras de cada liña de subvencións, coa finalidade de emendar, na medida do posible, puntos débiles detectados no desenvolvemento de ambos os traballos e que se contrastaron no desenvolvemento do control financeiro.



5.1 RESULTADOS DO TRABALLO DE CONTROL FINANCEIRO.

O traballo se realizou, como en exercicios precedentes, dende as dependencias da Deputación sen desprazamentos aos domicilios sociais dos beneficiarios, e centrouse basicamente nos obxectivos detallados no punto 2 do presente informe.

Dos expedientes obxecto de Control Financeiro correspondentes a subvencións concedidas polo procedemento de **concorrenza competitiva** se atopa en trámite de resolución un, en fase de tramitación da resolución definitiva de reintegro e sanción.

No transcurso dos traballos de control financeiro e por incidencias atopadas se amplían os traballos realizados en un expediente máis coa subvención concedida a Asociación Xuventudes Musicais Eixo Atlántico, exp 2023014667, para o programa "Cultura a Mente" por importe de 1.884,39 €.

No traballo realizado, atopáronse incidencias en 18, que deron lugar a incoación de 17 expedientes de reintegro e 13 de sanción, o seu detalle é:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE SUBVENCIÓN	SANCIÓN	REINTEGRO
ASOCIACION XUVENTUDES MUSICAIS EIXO ATLANTICO	11º FESTIVAL IKFEM	14.152.59 €	45.00 €	10.557.47 €
ASOCIACION CULTURAL ASEMBLEA DA MOCIDADE DE VILABOA	CANTEIRAFEST 2023	6.687.49 €	7.541.62 €	6.533.65 €
ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA	VIII FESTIVAL INTERCELTICO O SON DO PAZO	7.882.00 €	-	287.10 €
M.N.M. -MOVETE NA MOTO-	L1-ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO DE ENDURO 2023 - G.P. DE ESPAÑA 2023 EN LALÍN	13.622.35 €	11.660.62 €	13.471.11 €
CLUB NAVAL DE PONTEVEDRA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	13.054.04 €	45.00 €	73.38 €
CLUB DE REMO ROBALEIRA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	7.364.00 €	-	5.021.34 €
C.KAYAK TUDENSE	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO	25.000.00 €	45.00 €	8.006.39 €



	(PIRAGÜISMO)			
CLUBE PIRAGUISMO AS TORRES -CATOIRA-	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	16.810.00 €	45.00 €	670.73 €
CLUBE BALONMAN CAÑIZA	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (BALONMANO)	20.000.00 €	45.00 €	-
ESCUELA DEPORTIVA MUNICIPAL ESTRADENSE	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (BALONCESTO)	12.668.00 €	8.596.34 €	4.298.17 €
CLUB DE TAEKWONDO MACE-SPORT	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (OUTRAS MODALIDADES-TAEKWONDO)	6.465.00 €	-	379.59 €
CLUB PIRAGUISMO ILLA DE AROUSA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	11.480.55 €	1.561.27 €	9.533.81 €
C.D. CHOCO -REDONDELA-	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (FUTBOL)	18.000.00 €	-	17.820.00 €
CLUB DEPORTIVO I E S CORUXO FUTBOL SALA	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (FUTBOL SALA)	8.000.00 €	75.00 €	3.267.71 €
CLUB MARITIMO DEPORTIVO E CULTURAL BREOGAN DO GROVE	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	17.004.00 €	-	2.488.37 €
ESCUDERIA RIAS BAJAS	L1-56 RALLYE RECALVI RÍAS BAIXAS	13.494.18 €	2.657.60 €	13.494.18 €
ASOCIACION RECREATIVA CICLISMO OIENSE	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (CICLISMO)	7.086.00 €	45.00 €	5.002.90 €
ASOCIACION XUVENTUDES MUSICAIS EIXO ATLANTICO	CULTURA Á MENTE	1.884.39 €	3.768.78 €	1.884.39 €



As incidencias fundamentais detectadas, e que se reiteran como en exercicios anteriores, son:

1. Concorrenia de ingresos que superan o custo da actividade subvencionada.
2. Erros na conta xustificativa, que inclúen gastos non subvencionables.
3. Inclusión de facturas empregadas para xustificar outras subvencións, atopándose un caso de duplicidade na xustificación de unha subvención concedida pola propia Deputación de Pontevedra, o que deu lugar a ampliación de traballos de control financeiro nun expediente máis.

Destacar tamén, que 3 dos expedientes obxecto de Control Financeiro obtiveron informe favorable por non atoparse ningunha incidencia significativa.

En referencia ós traballos de Control Financeiro feitos sobre 10 subvencións concedidas polos procedementos de **concesión directa ou nominativa**, derivado do seu análise foron detectadas diversas incidencias que deron lugar a 3 expedientes de reintegro e 3 de sanción, sendo o seu detalle:

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	SANCIÓN	REINTEGRO
CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE. PROV. DE PONTEVEDRA	40.000.00 €	45.00 €	387.40 €
CLUB CISNE DE BALONMANO	GASTOS PARTICIPACION EN COMPETICIÓNS OFICIAIS	45.000.00 €	45.00 €	-
AGENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTIFI	DIVULGACION DA INVESTIGACION AGROFORESTAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	50.000.00 €	75.00 €	7.875.56 €
FUNDACION ALTERNATIVAS	SEMINARIO SOBRE O PAPEL DA ECONOMIA AZUL NA TRANSICION ECOLOXICA	54.600.00 €	-	7.318.01 €

As incidencias fundamentais detectadas, son:

1. Exceso de custos imputados a actividade subvencionada, entre outros, os derivados dos custos indirectos.
2. Pagos realizados fora dos prazos determinados nas Resolucións ou convenios de concesión das subvenciones.
3. Concorrenia de ingresos que superan o custo da actividade subvencionada.
4. Falta de publicación na Base Nacional de Subvencións, os beneficiarios e importes concedidos.



Destacar tamén, que 8 dos expedientes obxecto de Control Financeiro obtiveron informe favorable por non atoparse ningunha incidencia significativa.

5.2 RESULTADOS DOS TRABALLOS DE CONTROL DE INVERSIÓNS SUBVENCIONADAS.

Polo que se refire a actuación de comprobación do período de adscrición, os traballos consistiron en:

- *O exame da conta xustificativa.*
- *A solicitude de remisión de todas as facturas que se reflicten na mesma.*
- *Solicitude dos xustificantes de pago de todas elas, ou copia compulsada.*
- *Información sobre outras axudas recibidas ca mesma finalidade co obxecto de cruzala ca que figura na conta xustificativa.*
- *Extracto bancario onde se reflictan os pagos e os ingresos relacionados ca subvención.*
- *Calquera outras comprobacións que resulten necesarias.*

Ademais, có apoio do técnico-enxeñeiro de intervención, emitíuse informe sobre a comprobación in situ da adscrición dos bens a finalidade subvencionada.

Os expedientes analizados foron 17, deles 1 presentaron a renuncia en fase de xustificación, polo que non foi obxecto de traballo. Dos 16 restantes, soamente atopouse incidencia nun deles, que derivou nun expediente de reintegro como consecuencia dunha factura pagada fora do prazo límite establecido nas bases reguladoras da subvención.

BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	SANCIÓN	REINTEGRO
AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO	RECUPERACIÓN E MELLORA DA DORNA POLBEIRA "CONINHA"	10.427,53 €	0,00 €	1.600,00 €

Destacar que ás subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro para a recuperación e posta en valor do patrimonio marítimo-fluvial na provincia de Pontevedra, son, con carácter xeral, asociacións que non teñen estrutura administrativa, nin dispoñen de libros contables, limitándose as operacións ós movementos do extracto bancario. Polo que a xustificación das subvencións resulta, nalgúns casos, de difícil cumprimento.

PROPOSTAS DE ACTUACIÓN E RECOMENDACIÓNS.

Basicamente reitéranse as de exercicios precedentes.

- 1. Excluir da mostra aqueles beneficiarios obxecto de control e que non tiveron incidencias no exercicio anterior.*



2. *Dada a experiencia dos Centros Xestores de subvencións polo trato mais directo cos beneficiarios das mesmas, propónse a inclusión directa no plan de traballo de aqueles expedientes que de forma motivada poidan ser propostos por eles, indicando os incumprimentos que, ao seu criterio, se puidesen producir. Asemade, de aqueles expedientes respecto dos cales no proceso de fiscalización se detectasen aspectos que xustifiquen a inclusión no referido plan.*
3. *Dotar de mais persoal aos negociados de fiscalización, ou valorar a creación dun Negociado de Control Financeiro de Subvencións, que traballe permanentemente neste campo, e con vistas a súa inclusión nun Control Financeiro e Auditoría globais, acorde co novo enfoque de control financeiro que se deriva do Real Decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais do Sector Público.*
4. *Revisión da normativa propia en materia de subvencións (Ordenanza Xeral, Bases de execución) co obxecto de resolver de xeito expreso, deficiencias ou problemas de interpretación detectados en fase de fiscalización ou control financeiro de subvencións.*
5. *Incorporar ós modelos de convenios reguladores de subvención directas e nominativas os extremos recollidos no artigo 15.6 da OXSDEPPO. Ademais, tamén debe recollerse a porcentaxe de desviación máxima dos diferentes conceptos da actividade subvencionada respecto ao orzamento inicial.*
6. *Proposta de mellora das bases reguladoras, convenios e/ou resolucións de concesión de subvencións:*
 - *Incluír referencia á prohibición legal de contratar a realización de prestacións con persoas o entidades vinculadas coa entidade beneficiaria da subvención, ou con calquera outra na que concorra algunha das circunstancias as que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, salvo acreditación (respecto á persoas ou entidades vinculadas) da concorrencia dos requisitos esixidos no referido apartado.*
 - *Incluír a obriga, por parte da entidade beneficiaria, de dispoñer dalgún sistema de rexistro ou contabilización dos gastos e ingresos, nos que se poda identificar claramente aqueles gastos que son cofinanciados pola Deputación, e que son obxecto de control.*
 - *Engadir nos textos dos convenios os custos dos mesmos, sobre todo cando se utilice persoal propio, no que se deberá especificar as horas a imputar e custo das mesmas e non porcentaxes de nóminas.*
 - *Fixar claramente nos convenios os criterios de imputación e xustificación dos gastos ou custos indirectos.*
 - *Delimitar con claridade, no caso de subvencións de capital, a non inclusión de gastos que o propio beneficiario contabiliza como correntes.*
 - *Cando se trate de subvencións ao funcionamento dunha entidade impoñer a obriga de remitir o resultado económico, no caso de subvencionar algunha actividade concreta e a liquidación de ingresos e gastos da mesma.*



- *En caso de non presentación da conta xustificativa en prazo deberá requirirse a achega no menor tempo posible. Se recomenda durante o proceso de xustificación apertura de exp. Sancionador por infracción leve para incentivar o cumprimento da aportación da conta xustificativa en prazo.*
 - *Respecto dos requisitos esenciais que se esixirán no control financeiro (ó que se refire o apartado i) do artigo 15.6) da OXSDEPPO, sinalar que deberá facerse referencia ó recollido nos apartados 5 e 6 do artigo 31 da OXSDEPPO, indicando a data da súa publicación (BOPPO nº 249 de 30 de decembro de 2016) e, en concreto, recoller expresamente que o pago de todas as facturas que figuren na conta xustificativa deberá efectuarse no prazo máximo de un mes dende a percepción dos fondos e realizarse preferentemente a través de entidades financeiras, sendo obrigatorio, en todo caso, cando o importe de cada factura supere os 900 € e que, no caso de non ter contabilidade fiable, só serán subvencionables os gastos que só se poidan acreditar mediante extractos bancarios (independentemente do importe dos mesmos).*
 - *Todas as subvencións concedidas, incluídas as concedidas mediante convenio, serán publicadas tanto no BOPPO como na páxina WEB nada mais concederse. Asemade, debe remitirse información da mesma á Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS). Non obstante, non será necesaria a publicación da concesión nos supostos recollidos no artigo 12.3 da Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación (OXSDEPPO).*
7. *Introducir na Ordenanza Xeral de Subvencións da Deputación criterios de gradación de posibles incumprimentos das condicións impostas con motivo da concesión das subvencións:*
- *Procederá a declaración de perda do dereito de cobramento da totalidade ou parte da subvención concedida e, se fose o caso, o reintegro das cantidades indebidas cobradas, cando a persoa beneficiaria modifique a actividade que se vaia desenvolver declarada na solicitude e na memoria do proxecto, sen contar coa previa aprobación por parte do órgano competente.*
 - *No caso de incumprir coa obriga relativa a comunicar a obtención doutras axudas no caso de que sexan incompatibles.*
 - *O incumprimento da obriga relativa a comunicar a obtención doutras axudas, no caso de que fosen compatible.*
 - *O incumprimento do mantemento dun sistema de contabilidade separado ou unha codificación contable adecuada, dará lugar ao reintegro parcial dunha porcentaxe da axuda concedida.*
 - *O incumprimento das obrigas en materia de publicidade.*
8. *No caso de que a actividade subvencionada acade o 100% do custo da mesma, engadir ao expediente de tramitación un estudio de custos que xustifique que non resulta máis caro para a Deputación subvencionar a actividade que contratala polo procedemento oportuno.*
9. *Verificar a concesión de licenza, permisos ou autorizacións sectoriais de obras no caso que fose de aplicación, con posterioridade a declaración de tela solicitado.*
10. *Acreditar a situación económica dos beneficiarios cos que se propón a formalización de convenios de cara a asegurar a posibilidade financeira de afrontar os compromisos adquiridos.*



ACCESO AOS INFORMES DEFINITIVOS.

O acceso aos informes definitivos de Control Financeiro se pode facer nos expedientes de Civas creados no seu día para a tramitación das subvencións concedidas. Os número de expedientes se relacionan no anexo I a este informe.

ANEXO I. DETALLE DE BENEFICIARIOS E NÚMERO DE EXPEDIENTE.

Control Financeiro de subvencións concedidas por concorrencia:

EXP. CIVIDAS	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	Nº Expdte. C. F.
2022068733	SOLIDARIEDADE INTERNACIONAL DE GALICIA	PROMOVIDO EL EJERCICIO DEL DERECHO A LA ORGANIZACIÓN COMUNITARIA Y LA ALIMENTACIÓN DE LAS	15.000.00 €	1
2023019504	ASOCIACION XUVENTUDES MUSICAIS EIXO ATLANTICO	11º FESTIVAL IKFEM	14.152.59 €	2
2023019446	ASOCIACION CULTURAL ASEMBLEA DA MOCIDADE DE VILABOA	CANTEIRAFEST 2023	6.687.49 €	3
2023018555	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA SANTA EULALIA	VIII FESTIVAL INTERCELTICO O SON DO PAZO	7.882.00 €	4
2023017578	M.N.M. -MOVETE NA MOTO-	L1-ORGANIZACIÓN DO CAMPIONATO DO MUNDO DE ENDURO 2023 - G.P. DE ESPAÑA 2023 EN LALÍN	13.622.35 €	5
2023025621	CLUB NAVAL DE PONTEVEDRA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	13.054.04 €	6
2023029129	CLUB DE REMO ROBALEIRA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (REMO)	7.364.00 €	7
2023028649	C.KAYAK TUDENSE	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	25.000.00 €	8
2023028652	CLUBE PIRAGUISMO AS TORRES -CATOIRA-	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	16.810.00 €	9



2023012967	CLUBE BALONMAN CAÑIZA	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (BALONMANO)	20.000.00 €	10
2023015941	ESCUELA DEPORTIVA MUNICIPAL ESTRADENSE	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (BALONCESTO)	12.668.00 €	11
2023015666	CLUB DE TAEKWONDO MACE-SPORT	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (OUTRAS MODALIDADES-TAEKWONDO)	6.465.00 €	12
2023028651	CLUB PIRAGUISMO ILLA DE AROUSA	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	11.480.55 €	13
2023015442	C.D. CHOCO - REDONDELA-	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (FUTBOL)	18.000.00 €	14
2023012234	CLUB DEPORTIVO I E S CORUXO FUTBOL SALA	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (FUTBOL SALA)	8.000.00 €	15
2023026706	CLUB MARITIMO DEPORTIVO E CULTURAL BREOGAN DO GROVE	COMPETICION FEDERADA DE AMBITO NAUTICO (PIRAGÜISMO)	17.004.00 €	16
2023019419	ESCUDERIA RIAS BAJAS	L1-56 RALLYE RECALVI RÍAS BAIXAS	13.494.18 €	17
2023014108	LUCEROS	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (BALONMANO)	15.000.00 €	18
2023015751	ASOCIACION RECREATIVA CICLISMO OIENSE	SUBVENCION AMBITO ESTATAL (CICLISMO)	7.086.00 €	19
2023065224	BATA SERVICIOS INTEGRALES A LA COMUNIDAD SOCIEDAD LIMITADA	SUBVENCIÓN CENTROS ESPECIAIS DE EMPREGO	6.500.00 €	20
2023014667	ASOCIACION XUVENTUDES MUSICAIS EIXO ATLANTICO	CULTURA Á MENTE	1.884.39 €	48

Control Financeiro de subvencións por concesión directa e nominativas:

EXP. CIVIDAS	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	Nº Expdte. C. F.
--------------	--------------	---------	---------	---------------------



2023022256	ASOC. AGROGANDEIRA E DE DESENVOLVEMENTO RURAL AGRO NOSO	DESENVOLVEMENTO DE NOVOS MODELOS DE XESTIÓN FORESTAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	38.000.00 €	21
2023016058	ASOC AGROGANDEIRA E DE DESENV. RURAL AGRORURAL	DESENVOLVEMENTO DOS SISTEMAS DE "CERO EMISIÓN NETAS" NAS EXPLOTACIÓNS AGROGANDEIRAS	38.600.00 €	22
2023024470	UNION LEITEIRA GALEGA	GRANXA VERDE	39.300.00 €	23
2023018784	CONFEDERACION GALEGA DE PERSOAS CON DISCAPACIDADE	SERVIZO DE INTERMEDIACIÓN LABORAL PARA AS PERSOAS CON DISCAPACIDADE. PROV. DE PONTEVEDRA	40.000.00 €	24
2023004119	CLUB CISNE DE BALONMANO	GASTOS PARTICIPACION EN COMPETICIÓNS OFICIAIS	45.000.00 €	25
2023005422	AGENCIA ESTATAL CONSEJO SUPERIOR DE INVESTIGACIONES CIENTIFI	DIVULGACION DA INVESTIGACION AGROFORESTAL NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA	50.000.00 €	26
2023020835	FUNDACION ALTERNATIVAS	SEMINARIO SOBRE O PAPEL DA ECONOMIA AZUL NA TRANSICION ECOLOXICA	54.600.00 €	27
2022045576	ASOC INDUSTRIALES METALURGICOS DE GALICI	PROGRAMA TECNOLÓXICAS 2022-2023	54.841.00 €	28
2023040710	UNIVERSIDAD DE VIGO	CATEDRA DE FEMINISMOS 4.0 DEPO-UVIGO 2023	65.000.00 €	29
2023030762	UNIVERSIDAD DE VIGO	REGULACION DA CONVOCATORIA DE AXUDAS PARA O DESENVOLVEMENTO DE PROXECTOS CIENTIFICOS	80.000.00 €	30

Control Financeiro de Inversións:



EXP. CIVIDAS	BENEFICIARIO	OBXECTO	IMPORTE	Nº Expdte. C. F. I.
2023013622	COOP DEL CAMPO O RODO, S.C.L.	ADQUISICIÓN ROTOEMPACADORA-ENCINTADORA	29.833.72 €	31
2023018608	COOP AGRICOLA DE FORCAREI S.COOP. GALEGA	MAQUINARIA AGRÍCOLA, EQUIPAMENTO E DOMOTIZACIÓN ESTACIÓN DE SERVIZO.	22.206.60 €	32
2023018754	APRODEZA SOCIEDAD COOPERATIVA GALEGA	CAMBIO CUBERTA NAVE DA COOPERATIVA E ADQUISICIÓN DUNHA TRITURADORA	32.545.87 €	33
2023019490	COBIDEZA SDAD COOP	INVESTIMENTO NA QUEIXERÍA	35.000.00 €	34
2023019478	XUNCOGA, S. COOP. LTDA.	ERP SAP B.O. UNIFICACIÓN PROGRAMAS INFORMÁTICOS FORMULACIÓN-FABRICACIÓN-GESTIÓN	29.833.72 €	35
2023019476	COOP VITIVINICOLA AROUSANA S COOP GALEGA	INVESTIMENTOS NO 2023 PARA A MELLORA DE SERVIZOS QUE PRESTA A COOPERATIVA	29.833.72 €	36
2023018262	COFRADIA DE PESCADORES SAN ROQUE -PORTONOVO-	ADQUISICIÓN DE CAIXAS REUTILIZABLES, PALETS, ESLINGAS E PUNTALES	10.271.60 €	37
2023018176	COFRADIA DE PESCADORES SAN JOSE DE CANGAS	INSTALACIÓNS DE ALARMA DE INCENDIOS, SISTEMA DE VIDEOVIXILANCIA E ADQUISICIÓNS VARIAS	15.440.62 €	38
2023018786	COFRADIA DE PESCADORES SAN MARTIN DE ELGROVE	ADQUISICIÓN DE FURGONETA	30.000.00 €	39
2023018207	CONFRARIA DE PESCADORES DE VILABOA PEDRA DA OLIVEIRA	MELLORA AUTOCARGADOR DE ALGAS E CAIXAS E SACOS REUTILIZABLES	13.893.09 €	40
2023023763	ASOCIACION GRUPO CULTURAL RONSEL	RECUPERACIÓN DA DORNA DE CONSTRUCCIÓN MIXTA "CAPITANA"	12.763.08 €	41
2023023866	AMIGOS DA DORNA DE PORTONOVO	RECUPERACIÓN E MELLORA DA DORNA POLBEIRA "CONINHA"	10.427.53 €	42



2023023874	C. MARIÑO SALNES	RESTAURACIÓN DA DORNA DE TOPE "MULLER DE BALBOAS"	10.000.00 €	43
2023023618	ACD E PRESTADORA DE SERVICIOS XUVENILES ROMPETIMONS-	RECUPERACIÓN E POSTA EN VALOR DA EMBARCACIÓN "ILLA DE CORTEGADA"	11.954.02 €	44
2023023698	ACD E PROMOTORA DE ACTIVIDADES XUVENIS FASQUIA	TRABALLOS DE MELLORA EN DORNA DE TOPE "LAVANQUEIRA"	10.823.13 €	45
2023021825	ASOCIACION DE MARINEROS ARTESANALES Y DEPORTIVOS SAN MIGUEL	TRABALLOS NA DORNA XEITEIRA "A FALUCHEIRA"	13.520.65 €	46
2023022230	ASOCIACION CULTURAL E DEPORTIVA VELA TRADICIONAL CAMBADOS	RESTAURACIÓN DA DORNA DE TOPE "AIREXA"	12.184.64 €	47

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda **queda enterada do contido do informe da Intervención sobre o control financeiro de subvencións concedidas no exercicio 2023**, en relación ó disposto no Real decreto 424/2017, de 28 de abril, polo que se regula o réxime xurídico de control interno nas entidades locais, así como no artigo 44 e na disposición adicional 14ª da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións, e nos artigos 213 e seguintes do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

8. Dar conta da Resolución Presidencial de data 14 de maio de 2026 (Núm. Rexistro 2026003855) declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Reparación de noiro na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, P.Q. 2+550 (Concello de Vilanova de Arousa)". (Exptes.- 2026040794 - 2026035090).

Por Resolución Presidencial número 2026003855 de data 14 de maio de 2026 acordouse adxudicar a empresa, CONSTRUCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (A36008886), o contrato para execución da obra "Reparación de noiro na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, P.Q. 2+550. Concello de Vilanova de Arousa", polo trámite de emerxencia, por un importe global de 180.000,00 euros, ive engadido, cuxo contido é o seguinte.

RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL



Nº Expediente	2026035090
Asunto	Adjudicando a obra de emerxencia para a "Reparación de noiro na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, P.Q. 2+550. Concello de Vilanova de Arousa"
Trámite	Adjudicación

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte

RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que consta no expediente con CSV: LCKPEMHRZCL8OA8D, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra "Reparación de noiro na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, P.Q. 2+550. Concello de Vilanova de Arousa"

Resultando.- Que no citado informe recóllese o seguinte: "...Con motivo dos fortes temporais de vento e choiva acaecidos durante os meses de xaneiro e febreiro do presente ano, houbo un desmoronamento do noiro na marxe dereita do punto quilométrico 2+550 da estrada provincial E.P. 9702 AS SINAS-VILANOVA. [...] O capataz responsable subliña o grave perigo consecuencia do desprendemento do talude que sustenta o noiro da estrada provincial. Produciuse o baleirado do recheo, deixando parte da beiravía sen apoio. Este punto da estrada provincial linda co areal da praia fortemente golpeado ademais polas fortes mareas, o que agrava a situación. [...] Ademais, con data 2 de marzo a Policía Local de Vilanova de Arousa emite un informe no que se nos require para que actuemos inmediatamente para evitar posibles danos maiores. [...] En conclusión, o desprendemento do talude que sustenta a estrada provincial está a provocar un grave risco que require dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores. Para arranxar dunha maneira definitiva a estrada é necesaria a construción dun muro de contención ao longo do tramo afectado...."

Resultando.- Que no mesmo informe recóllese que a estimación do custe da obra ascende a 180.000,00 € IVE engadido, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, propoñéndose á empresa CONSTRUCIÓNS, OBRAS E VIAIS, S.A. (NIF: A36008886) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra.. Estímase ademais o que o prazo de execución será de DOUS (2) MESES.

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto nº 2026035090 existe crédito retido por importe de 180.000,00 € mediante documento RC nº 12026000086494.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: M9DSV1E3VA4IWJDS, informe do xefe de Servizo de Contratación, no que se recolle o seguinte: "...Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico, que con motivo dos fortes temporais de vento e choiva acaecidos durante os meses de xaneiro e febreiro do presente ano, houbo un desmoronamento do noiro na marxe dereita do punto quilométrico 2+550 da



estrada provincial E.P. 9702 As Sinas-Vilanova. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento mais adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico, facéndose preciso actuar para garantir a vialidade e evitar riscos de danos maiores, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que se non se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme o artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente.

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na exixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”



Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (A82876905) o Lote 2 do "Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Centro)".

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio do expediente, á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 2 AM seguridade e saúde na Obra de Emerxencia para "Reparación de noiro na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, P.Q. 2+550. Concello de Vilanova de Arousa" por un importe estimado de 1.134,44 euros IVE engadido.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) U4P2TNRVYW55QP58 no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2026035090, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000087986.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.I 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

- 1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Reparación de noiro na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, P.Q. 2+550. Concello de Vilanova de Arousa".*
- 2. Autorizar o gasto por importe de 180.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.*
- 3. Adxudicar á empresa CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (A36008886) o contrato de obras "Reparación de noiro na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, P.Q. 2+550. Concello de Vilanova de Arousa" por importe de 180.000,00 euros IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:*

*Importe..... 148.760,33 euros
IVE (21%)..... 31.239,67 euros
Importe total..... 180.000,00 euros*

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.



O prazo de execución estímase en DOUS (2) MESES.

Unicamente executarase o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.

O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- *4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizo facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.*

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda a súa tramitación. Más información en <https://sede.depo.gal/>. Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2026035090.

- 4. Nomear directora de obra a Dona Belén Pampín Camino, enxeñeira do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.*
- 5. Adxudicar á empresa ATENEA SEGURIDAD Y MEDIO AMBIENTE, S.A. (A82876905), o Contrato derivado Lote2 AM seguridade e saúde na Obra de Emerxencia para "Reparación de noiro na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, P.Q. 2+550. Concello de Vilanova de Arousa" (Expte 2026036989), por un importe de 1.134,44 euros IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:*

<i>Importe</i>	<i>937,55 euros</i>
<i>IVE (21%).....</i>	<i>196,89 euros</i>
<i>Importe total</i>	<i>1.134,44 euros</i>

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.



Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal>).

Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.; Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135; números de expediente: 2026036989.

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido da **Resolución Presidencial número 2026003855 de data 14 de maio de 2026** pola que se adxudicou a empresa, **CONSTRUCCIÓN, OBRAS E VIAIS, S.A. (A36008886)**, o contrato para execución da obra “Reparación de noiro na E.P. 9702 As Sinas-Vilanova, P.Q. 2+550. Concello de Vilanova de Arousa”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 180.000,00 euros, ive engadido

9. Dar conta da Resolución Presidencial de data 14 de maio de 2026 (Núm. Rexistro 2026003838) declarando a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra “Reparación da estrada E.P. 8002 Caldas-San Clemente no P.Q. 0+600 (Concello de Caldas de Reis)”. (Exptes.- 2026040798 - 2026038777).

Por Resolución Presidencial número 2026003838 de data 14 de maio de 2026 acordouse adxudicar a empresa, FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. (B15009533), o contrato para execución da obra “Reparación da estrada EP-8002 Caldas-San Clemente no P.Q. 0+600 (Concello de Caldas de Reis)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 150.000,00 euros, ive engadido, cuxo contido é o seguinte.

“RESOLUCIÓN PRESIDENCIAL

Nº Expediente	2026038777
Asunto	Adxudicando a obra de emerxencia para a "Reparación da estrada EP-8002 Caldas-San Clemente no P.Q. 0+600 (Concello de Caldas de Reis)"
Trámite	Adxudicación

O Presidente, no uso das facultades que lle confire a normativa local vixente, dita a seguinte



RESOLUCIÓN

Resultando.- Que mediante informe técnico do Director do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais, que consta no expediente con CSV: Z7AK2GSMNW2G0OS4, solicítase a tramitación polo procedemento de emerxencia da obra " Reparación da estrada EP-8002 Caldas-San Clemente no P.Q. 0+600 (Concello de Caldas de Reis)"

Resultando.- Que no citado informe sinálase que con motivo dunha inspección da estrada EP-8002 Caldas-San Clemente, no P.Q. 0+600 obsérvase a existencia dun muro de sostemento da estrada. No pé do muro, existe unha prolongación do sostemento con cachote en dirección perpendicular á estrada cunha lonxitude de máis de 3 metros. Obsérvase que baixo a estrada falta moito material de recheo presentando ocos e galerías de grandes dimensións que comezan dende o final do sostemento perpendicular con pedra, e que discorren baixo a propia estrada provincial. Ditas oquedades non teñen ningún tipo de sostemento e a calzada polo tanto atópase nesa zona nunha situación moi precaria, pois falta gran cantidade de material de recheo debaixo dela que pode provocar un afundimento da mesma, co conseguinte risco para a seguridade vial.

Resultando.- Que o informe recolle tamén que dadas as deficiencias observadas e moi urxente a reparación dos deterioros, dado que existe claro risco de colapso da estrada. Indícase que se require dunha actuación de emerxencia para garantir a vialidade e evitar o grave risco de colapso da estrutura e o derrube da calzada.

Resultando.- Que a estimación do custe da obra ascende a 150.000,00 € IVE engadido, quedando condicionada á medición definitiva e á súa valoración exacta, propoñéndose á empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. (B15009533) pola súa dispoñibilidade inmediata tanto de medios humanos como técnicos suficientes para acometer a obra. Estímase ademais o que o prazo de execución será TRES (3) MESES.

Resultando.- Que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto nº 2026038777 existe crédito retido por importe de 150.000,00 € mediante documento RC nº 12026000091000.

Resultando.- Que consta no expediente con CSV: 1Z92AAW43JMR1AYP, informe do xefe de Servizo de Contratación, no que se recolle o seguinte:"... Solicítase a tramitación de emerxencia manifestando no informe do técnico que debido á que con motivo dunha inspección da estrada EP-8002 Caldas-San Clemente, no P.Q. 0+600 obsérvase que baixo a estrada falta moito material de recheo presentando ocos e galerías de grandes dimensións existindo un grave risco de colapso da estrada, podéndose producir o afundimento da mesma. Non se pon en dúbida o criterio técnico, nin sería dilixente nin da nosa competencia facelo, pero si está nas atribucións do Servizo de Contratación elixir o procedemento mais adecuado para a tramitación do expediente. Tendo en conta que non podemos separarnos do criterio técnico facéndose preciso actuar para garantir a vialidade e evitar riscos de danos para a seguridade da estrada, tramítase este expediente, por solicitude deste servizo, por emerxencia. Tendo en consideración o exposto cabe reseñar os seguintes aspectos: Este trámite é excepcional, unicamente e de forma exclusiva para reparar o punto que supoña o grave perigo, sen que quepa a



estimación subxectiva discrecional da Administración, xa que se non se estaría quebrantando a excepcionalidade á que nos referimos. Non cabe utilizar este procedemento excepcional para solventar unha falta de planificación, xa que non existen outros procedementos como o ordinario ou o de urxencia. Unha vez efectuadas as actuacións imprescindibles para paliar a situación de emerxencia, as restantes prestacións que sexan necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia contrataranse con arranxo á tramitación regulada na LCSP. Haberá que tramitar o expediente conforme o artigo 120 da LCSP, e cumprir co disposto nas bases do Orzamento Provincial, que fai referencia ós gastos de emerxencia...”

Considerando.- No referente á tramitación de emerxencia, o órgano de contratación, sen obriga de tramitar expediente de contratación, poderá ordenar a execución do necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, ou contratar libremente o seu obxecto, en todo ou en parte, sen suxeitarse ós requisitos formais establecidos na Lei, incluso a existencia de crédito suficiente

Considerando.- Que elo debe instrumentarse xuridicamente nunha resolución ou acordo, que unicamente precisará da oportuna retención de crédito, ou no caso de que non exista crédito, da documentación que xustifique a iniciación do correspondente expediente de modificación de crédito.

Considerando.- Que a Xunta Consultiva resalta o carácter excepcional da tramitación de emerxencia, tal e como sinala o artigo 120 da Lei 9/2017 de 8 de novembro de Contratos do Sector Público, que a regula, derivado tanto do réxime específico que a rexe, como da relación de supostos taxadas en que procede, concreta na exixencia de ter que actuar a Administración de forma inmediata a causa de: acontecementos catastróficos, situacións que supoñan un grave perigo e necesidades que afecten á defensa nacional.

Considerando.- Que neste senso, e incidindo no criterio de rigor que debe observarse na aplicación deste réxime, manifestouse o Tribunal Supremo en Sentenza de 20 de xaneiro de 1987, ó establecer que “non basta a existencia dun acontecemento de excepcional natureza do que dimane a situación que as medidas en cuestión afrontan, senón que o que ampara a normativa de emerxencia é unha situación administrativa inmediata, absolutamente necesaria para evitar ou remediar no posible as consecuencias do suceso en cuestión.”

Considerando.- Que en virtude do Real Decreto 1627/1997, de 24 de outubro, polo que se establecen as disposicións mínimas en materia de seguridade e saúde nas obras de construción, a Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria celebrada o día 08/08/2025 acordou adxudicar á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (B84840685), o Lote 1 do “Acordo marco que rexerá a prestación do servizo de seguridade e saúde nas obras da Deputación de Pontevedra (Zona Norte)”.

Considerando.- Que na súa consecuencia propónse na providencia de inicio do expediente, á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L., para a adxudicación do Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na “Obra de Emerxencia para a



"Reparación da estrada EP-8002 Caldas-San Clemente no P.Q. 0+600 (Concello de Caldas de Reis)" por un importe estimado de 1.853,70 euros IVE engadido.

Considerando.- O informe emitido pola Intervención que consta no expediente con (CSV) YX8BL29YITPKU8QZ no que se recolle que na aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01, dentro do proxecto de gasto código nº 2026038777, existe crédito adecuado e suficiente para facer fronte a este gasto, a cuxo efecto se emitiu o documento RC nº 12026000091160.

Considerando.- Que en virtude do disposto nos artigos 34-1, f e i) da Lei 7/85, de 2 de abril, 185 do TRLRFL, de 5 de marzo de 2004, 117 e concordantes do R.d.I 781/86, de 18 de abril e 61 do R.d. 2568/86, de 18 de novembro e DA 2ª da LCSP, e a Base 16ª apartado 1.e), a autorización e compromiso dos gastos de emerxencia serán competencia da Presidencia.

RESOLVO,

- 1. Declarar a emerxencia na tramitación do procedemento de contratación da obra "Reparación da estrada EP-8002 Caldas-San Clemente no P.Q. 0+600 (Concello de Caldas de Reis)".*
- 2. Autorizar o gasto por importe de 150.000,00 euros con cargo á aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.*
- 3. Adxudicar á empresa FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. (B15009533) o contrato de obras "Reparación da estrada EP-8002 Caldas-San Clemente no P.Q. 0+600 (Concello de Caldas de Reis)" por importe de 150.000,00 euros IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:*

*Importe..... 123.966,94 euros
IVE (21%)..... 26.033,06 euros
Importe total..... 150.000,00 euros*

Este importe é unha estimación, quedando condicionado o prezo final á medición definitiva e valoración exacta.

O prazo de execución estímase en TRES (3) MESES.

Unicamente executarase o necesario para remediar o acontecemento producido ou satisfacer a necesidade sobrevenida, debéndose contratar as restantes prestacións necesarias para completar a actuación acometida pola Administración e que non teñan carácter de emerxencia mediante a tramitación do preceptivo expediente conforme á Lei.



O prazo de inicio da obra non poderá ser superior a un mes e deberase dar conta, polo centro Xestor da devandita actuación ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebra tras a adopción desta resolución.

Da cantidade adxudicada reteranse as seguintes porcentaxes:

- 4% do orzamento de execución material de adxudicación, de acordo coa taxa por servizo facultativos que se presten en obras provinciais, aprobada polo Pleno da Deputación na sesión do día 27/02/98, en concepto de Dirección de Obra.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán ser presentadas polo adxudicatario en formato electrónico a través da Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es) en tempo e forma aos efectos de que o órgano administrativo ao que corresponda, proceda a súa tramitación. Más información en <https://sede.depo.gal/>. Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

Administración: L02000036 (CIF: P3600000H); Órgano Xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable: LA0006135. Nº Expediente: 2026038777.

4. Nomear director de obra a Don César Paredes Rodríguez, enxeñeiro do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
5. Adxudicar á empresa TPF GETINSA EUROESTUDIOS, S.L. (B84840685), o Contrato derivado Lote 1 AM seguridade e saúde na "Obra de Emerxencia para a "Reparación da estrada EP-8002 Caldas-San Clemente no P.Q. 0+600 (Concello de Caldas de Reis)" (Expte 2026039448), por un importe de 1.853,70 euros IVE engadido, de acordo co seguinte detalle:

Importe.....	1.531,98 euros
IVE (21%).....	321,72 euros
Importe total.....	1.853,70 euros

Os traballos obxecto deste contrato derivado, terán lugar durante a total execución das obras e estarán suxeitos a estas.

As obrigas derivadas deste contrato derivado financiaranse con cargo á vinculación xurídica da aplicación orzamentaria 26/456.4530.612.01 do vixente orzamento provincial.

Lugar de presentación e forma da factura: As facturas deberán presentarse polo adxudicatario en formato electrónico a través do Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado FACE, ao que pode accederse dende a Sede Electrónica da Deputación de Pontevedra (sede.depo.es), en tempo e forma, a efectos de que o órgano competente proceda á súa tramitación (máis información en <https://sede.depo.gal/>).



Nas facturas deberase indicar os código DIR 3 que identifican o procedemento, o CIF e nº de expediente que se relacionan a continuación:

*Administración: L02000036 Deputación Provincial de Pontevedra CIF: P3600000H.;
Órgano xestor: LA0006123; Unidade Tramitadora: LA0006135; Oficina Contable:
LA0006135; números de expediente: 2026039448.*

A Comisión informativa de Transparencia, Réxime Interno e Facenda queda enterada do contido da **Resolución Presidencial número 2026003838 de data 14 de maio de 2026 pola que se adxudicou a empresa, FRANCISCO GOMEZ Y CIA, S.L. (B15009533), o contrato para execución da obra “Reparación da estrada EP-8002 Caldas-San Clemente no P.Q. 0+600 (Concello de Caldas de Reis)”, polo trámite de emerxencia, por un importe global de 150.000,00 euros, ive engadido.**

10. Rogos e Preguntas.

Non se produciron.

E non habendo máis asuntos que tratar, pola Presidencia dáse por finalizado o acto, sendo as doce horas e cinco minutos do día arriba sinalado, do que, como Secretario, dou fe.

O Secretario da Comisión
Asdo.: José Antonio Gulías Varela
(Documento asinado electrónicamente ó marxe)

